

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

R. Aira González (2004): “Notas sobre a onomástica medieval da terra de Bergantiños”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 459-473.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

NOTAS SOBRE A ONOMÁSTICA MEDIEVAL DA TERRA DE BERGANTIÑOS

Raquel Aira González

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

O presente traballo ten como obxectivo facer unha breve análise dalgúñas formas onomásticas bergantiñás presentes en sete documentos medievais inéditos (datados entre 1423 e 1487) que, procedentes do desaparecido mosteiro beneditino de San Mamede de Seavia, están custodiados no arquivo do mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares. Aínda que este traballo vai ser presentado como unha comunicación no congreso que conmemora os 25 anos da creación do Instituto da Lingua Galega, as súas orixes remóntanse moito máis atrás, concretamente ós comezos dos cursos de doutoramento do bienio 1995-97, que foi cando emprendémo-la difícil tarefa de lectura e transcripción dos sete documentos mencionados.

Baseándonos na lectura feita, o que pretendemos é aproveitar algúns topónimos e antropónimos que aparecen neses documentos para facer un estudio deles, e dar así, unha pequena visión de cómo era o sistema de denominación persoal e as formas toponímicas nunha zona da comarca bergantiñá nun período de tempo concreto como é o do século XV. Para poder conseguir este fin, baseámonos principalmente nos sete documentos obxecto de estudio. Tales documentos teñen unha grande importancia, xa que nos proporcionan información sobre unha zona da xeografía galega da que case non temos referencias medievais, por tratarse dunha zona periférica dependente da diocese de Santiago e por non existir nela congregacións monacais importantes que puidesen achegar-nos documentos referentes á Idade Media. Ademais, tamén consultámo-las máis importantes coleccións documentais medievais galegas publicadas, que nos permitiron ir vendo, na maioría dos casos, os distintos estadios que presentaron ó longo da súa evolución as formas antropónimicas e toponímicas estudadas. De grande axuda nos foron, no caso da toponimia, determinados mapas topográficos do Instituto Xeográfico Nacional, que nos deron unha visión de conxunto da zona á que se refiren os documentos e gracias ós cales puidemos coñecer-la localización actual dos topónimos.

A. Fórmulas de nominación¹

O corpus antroponímico ofrecido polos sete documentos de Seavia non é moi grande. Con todo, podemos reducir as fórmulas de denominación persoal que aparecen neles a tres². As fórmulas ás que nos referimos son as seguintes:

- Prenome + segundo nome **patronímico** + {complemento}
- Prenome + segundo nome **delexical** (alcume)
- Prenome + segundo nome de **orixe** (topónimo) + {complemento}

1. Prenome + segundo nome patronímico + {complemento}

Esta fórmula de nominación persoal aparece na súa forma simple pero tamén complementada por outros elementos, como son: a indicación da profesión do individuo en cuestión ou unha referencia toponímica que indica o seu lugar de residencia ou de nacemento.

1.1. Prenome + segundo nome patronímico

Os apelidos patronímicos que aparecen nos documentos presentan fundamentalmente o sufixo patronímico *-ez/-es*. Trátase de formas fosilizadas, xa que no século XV o procedemento patronímico (de calquera tipo) para a creación de segundos nomes xa case non era productivo.

Os apelidos patronímicos non se documentan en galego ata o século IX. Ata este século a denominación persoal víñase realizando mediante un nome único, pero chegou un momento en que foi necesario crear segundos nomes para individualiza-las persoas e evita-las confusións provocadas pola pouca variedade do elenco de prenomes existentes na altura. Tres foron as vías ás que se recorreu para a súa creación:

- A filiación (indica-lo nome do pai)
- A procedencia (mediante un topónimo)
- Un nome adicional (alcume ou hipocorístico)

Foi a indicación do nome do pai a opción máis empregada. Un dos procedementos utilizados para a formación deses segundos nomes patronímicos foi o emprego de sufixos patronímicos³ (*-az, -es, -ez, -iz, -is...*) unidos ó nome do pai; así unha persoa da que o pai se chamase *Petro* apelidárase *Pétriz* (<*Petro* + *-iz*). Sen embargo, este mecanismo

¹ Á hora de analizármolo sistema de denominación persoal prescindimos dos nomes de certos personaxes do mosteiro que, por seren membros daquela congregación, eran perfectamente identificados mediante un único nome acompañado da súa categoría eclesiástica (“Gonçaluo frade”) sen necesidade de ningunha especificación máis, o que non era viable na ‘vida civil’, posto que daría lugar a moitas confusións.

² Só unha vez aparece a denominación mediante nome único: *dona Costança*. Tamén nunha única ocasión témo-la fórmula *prenome + 2º nome + 3º nome (alcume)*: Álvaro Gómez *Consello*.

³ Outro procedemento foi o de emprega-lo sintagma *filius/-a + de + nome do pai*. Nos documentos de Seavia temos un exemplo deste tipo: Mariña *filla que foy de Lopo do Monte*.

deixou de ser productivo aproximadamente no século XVI⁴, de maneira que eses apelidos, creados mediante sufixos patronímicos, quedaron fosilizados na lingua e se foron transmitindo de xeración en xeración a través dos séculos⁵. Son eses apelidos xa fosilizados os que aparecen nos nosos documentos.

Afonso Rrodrigues

Áluaro Gomes (=Áluaro Gomes de Vila Noua)

Áluaro Gómez (=Áluaro Gómez Consello)

Fernán Afón⁶

Fernán Mjgeéns

Gil Fernandes (= Gil Fernandes de Ryboo esscudeiro)

Gil Peres

Iohán Lopes

Johán Vasques (=Johán Basques=Johán Vasques d'Abregoi o uello)

Juan Gómez

Lionor Gomes (=Liognor G[omes])

Sancha Rrodrigues

Juan Gómez

1.1.1. Prenome + patronímico + profesión

Neste caso os nomes de profesión non terían valor onomástico pois só nos indican o oficio desempeñado polo personaxe a quen se refiren⁷.

Afonso Áluares notario da Vestearía

Fernán Mygés abade do mosteyro de Sam Mamedt de Syauea (=Fernán Mjguez abade do mosteyro de San mamede de Seauea=Fernán Mjgeéns abade do moesteiro de Ssan Ma[m]ede de Sseauja)

Garçía Pérez notario público

Johám Yanes notario

Pero Gonçáluez escriuano

Rruj Díaz es[cudeiro]

Vasco Fernandes criado do abade

⁴ Aínda que se adoita da-lo século XIII como momento en que deixa de ser rendible o procedemento patronímico para a formación dos segundos nomes, nós atopamos exemplos no século XVI nos que aínda funciona tal mecanismo.

⁵ Nos documentos de Seavia obsérvase unha certa tendencia a leva-los fillos o mesmo apelido có pai. Isto corrobora a nosa afirmación de que no século XVI deixa de ser rendible o procedemento patronímico para a creación do segundo nome:

-Álvaro Gomes de Vila Noua é o pai de Lionor Gomes.

-Álvaro Gomes Consello é o pai de Juan Gómez.

⁶ Chama a atención a resistencia de *Afón* (e variantes) a admiti-lo sufixo patronímico, de feito, non deixou descendentes en galego con tal sufixo.

⁷ Só consideramos que os nomes profesionais teñen valor onomástico cando desempeñan a función de segundo nome e, polo tanto, son o trazo individualizador da persoa.

1.1.2. Prenome + patronímico + topónimo

Neste tipo de cadeas onomásticas o topónimo só ten valor diferenciador, xa que serve para evita-la confusión de persoas que teñen apelidos moi comúns.

Só nunha ocasión esta fórmula se ve acrecentada por unha especificación, ‘o uello’, que permite diferencia-la persoa en cuestión fronte a outra do mesmo lugar coa que comparte o mesmo nome pero que é máis nova.

Áluaro Gomes de Vila Noua (=Áluaro Gomes)

Basco Rrodrigues de Garauellos (=Vasco de Garavellos)

Johán Vasques d’Abregoi o uello (=Johán Vasques=Johán Basques)

Rroy Gonçalues de Freyxo

1.1.2.1. Prenome + patronímico + topónimo + profesión

Este tipo de nominación é moi completa, xa que case inclúe tódolos elementos posibles nunha cadea onomástica, só lle faltaría o terceiro nome.

Gil Fernandes de Ryboo esscudeiro (= Gil Fernandes)Gonçal Lopes de Rríó Bõ escudeiro

Como se pode comprobar, a variedade que presentan os apelidos patronímicos que aparecen nos textos de Seavia non é moi grande. Esta variedade redúcese aínda máis se temos en conta que a maioría deles é de orixe xermánica⁸.

Chama a atención o feito de que todos estes apelidos patronímicos ocupan hoxe en día os primeiros lugares na orde de frecuencia de apelidos galegos⁹, cousa que, por outro lado, non é anormal se temos en conta que, debido á herdanza¹⁰, os apelidos que tiñan superioridade numérica nos séculos XV e XVI seguiron sendo hoxe os máis frecuentes. Isto móstranos que os apelidos patronímicos eran, non só no século XV senón tamén na Idade Media e épocas posteriores, os máis numerosos e tamén os que presentaban menor variedade de formas en comparación cos apelidos delexicais e os de orixe.

2. Prenome + segundo nome alcume

Tódolos apelidos dos documentos de Seavia que proceden de alcumes¹¹ (agás *Varela*) teñen un correlato no galego común. Estes apelidos delexicais pódense clasificar da seguinte maneira:

⁸ Para máis información sobre a etimoloxía destes apelidos patronímicos vid. Boullón Agrelo (1999).

⁹ Segundo unhas estatísticas feitas por D. Kremer nos anos oitenta a partir de listas electorais, os apelidos galegos máis frecuentes son: *Rodríguez, Fernández, González, García, Pérez, López, Martínez, Vázquez, Álvarez, Gómez, Iglesias, Castro, Blanco, Sánchez, Domínguez, Alonso, Varela, Otero, Rey, Suárez, Díaz, Lorenzo, Vidal, Piñeiro...*

¹⁰ A xenealoxía natural que se segue actualmente no sistema do español (a mesma que para o galego) non vai máis alá do século XVII.

¹¹ Os alcumes son aqueles sobrenomes motivados por algunha atribución persoal: particularidade física, moral, biográfica ou profesional.

2.1. *Alcumes referidos a cargos, dignidades ou oficios*

Fernán Pedreiro
Gonçaluo Barreiro
Juan Byspo
Gonçalo Cauloeiro

2.2. *Alcumes que fan referencia a calidades físicas ou morais*

Fernán Rronbón
Juan Gordo
Rroy Feuereiro

2.3. *Alcumes de carácter abstracto*

Áluaro Conselo (=Áluaro Gomez Consello = Áluaro Gómez)
Joham Varela (=Joham Barela)

Como xa apuntamos, *Varela* é o único destes apelidos que non ten correlato no galego común; é dicir, en galego non témo-lo apelativo *varela*.

Os distintos autores son unánimes á hora de considerar este segundo nome como procedente dun alcume, pero mostran as súas reservas á hora de explica-la súa etimoloxía. Parece que se trata dun apelido de orixe galega, por iso os estudiosos póneno en relación co substantivo *vara* e afirman que sería un diminutivo desta. Esa é a interpretación á que os leva a terminación *-ela*, que na maioría dos casos ten valor diminutivo en galego. Algúns coma Machado (1984: 1459) tamén apuntan a posibilidade de que este apelido teña orixe toponímica, posto que na nosa comunidade hai varios lugares chamados *Varela*.

3. *Prenome + {de}+ topónimo + {complemento}*

Esta fórmula, igual có que ocorría coa primeira, aparece unhas veces na súa forma simple e outras acrecentada por unha indicación da profesión.

3.1. *Prenome + de + topónimo*

Neste caso o topónimo funciona coma un verdadeiro apelido porque substituíu totalmente o segundo nome.

Afom do cassal vello
Fernán de Carualás
Gomes d'Abregoy (=Gomes d'Abregoij)
Iohán do Rrío
Johán de Sabaseda
Johán do Canpelo
Lopo do Monte
María do Canpo
Rruj de Bouças
Vasco da çidade da Cruna
Vasco de Garauellos
Vasco do Caruallal (*Vascoo do Carballal*)

3.1.1. Prenome + de + topónimo + profesión

Fernán de Mjra abbade do mosteiro de Sam Mamede de Seyaueya

Ffernán do Canal clérigo

Martino do Souto clérigo

Gonçaluo de Paaços escudeiro

Loppo de Ruus notario público (=Loppo de Rruus notario público)

Vasco de Ruus notario público

3.2. Prenome + nome étnico

Podemos afirmar que, de maneira xeral, nos documentos galegos pertencentes á Idade Media o lugar “de onde” se expresa por medio da preposición *de*. Sen embargo, algunhas veces os escribas optan pola solución clásica do adxectivo xentilicio, deste xeito, os topónimos pasan a formar parte do léxico común mediante distintos procedementos de sufixación, dando nome ós habitantes dos respectivos lugares.

Cabe destaca-la alta frecuencia de aparición na documentación medieval do nome étnico *galego* (presente tamén nos documentos de Seavia). Nalgunhas coleccións documentais este apelido étnico pode explicarse como designativo de persoas que emigraron de Galicia, tal explicación non é válida para os documentos galegos. Nestes últimos debe tratarse dunha maneira de designar unha persoa ‘natural de Galicia’ fronte a unha ‘estranxeira’.

Fernán Galegus (= Fernán Galego escusador)

3.2.1. Prenome + nome étnico + profesión

Fernán Galego escusador

B. Os prenomes

Respecto ós prenomes o máis salientable é a pouca variedade que presentan. Só temos nomes coma *Afonso (Afom)*, *Áluaro*, *Vasco (Vascoo/Basco)*, *Fernán (Ffernán/Fernandus)*, *Garçia*, *Gil*, *Gomes*, *Gonçalo (Gonçaluo/Gonçal)*, *Johán (Iohán/Juan)*, *Lopo (Loppo)*, *Martino*, *Pero*, *Rroy (Rruj)* para home, e *María*, *Mariña*, *Sancha*, *Lionor (Liognor)*, *Costança* para muller. Polo demais, estes prenomes non son nada fóra do común nesa época porque, como di E. Rivas (1991: 16), “entre o séc. XIV e XV aparecen quince nomes moi repetidos: *Johan*, *Payo*, *Gonçalvo*, *Afonso*, *Álvaro*, *Roy*, *Pedro ou Pero*, *Martiño*, *Vasco*, *Mendo*, *Diego ou Diago*, *Fernán*, *Estevo...*”.

Se atendemos á orixe destes prenomes, vemos un gran predominio dos que teñen orixe latina (*Costança*, *Lopo*, *Pero*, *Sancha...*) e tamén xermánica (*Afonso*, *Áluaro*, *Fernán*, *Gonçaluo*, *Rroy...*), o que pon de manifesto unha vez máis a grande influencia destes pobos na onomástica galega (o mesmo ca na española)¹².

¹² Para máis información sobre a etimoloxía destes prenomes vid. Boullón Agrelo (1999).

2. TOPONIMIA

Practicamente tódolos topónimos que aparecen nos sete documentos están localizados na zona de Seavia ou nas súas proximidades.

Como non é de estrañar, o elenco toponímico ofrecido polos textos de Seavia está constituído polo que tradicionalmente se vén chamando topónimos maiores e topónimos menores. Este elenco presenta unha gran variedade no que respecta á súa tipoloxía: temos exemplos de hidrotopónimos (*Río, Agoalada...*), fitotopónimos (*Carballás, Bouça, Sabaceda, Cereixa, Ervecedo, Freixo...*), antropotopónimos (*Rus, Abregoi...*), orotopónimos (*Coristanco, Cores...*)... Sen embargo, non imos tratar aquí aquelas formas toponímicas que non ofrecen dúbida en canto á orixe ou que xa foron suficientemente estudias nas distintos traballos sobre toponimia galega ou hispánica en xeral. A nosa atención centrarase, por un lado, naqueles topónimos que son problemáticos á hora de determina-la súa etimoloxía, e por outro, naqueles que presentan algunha característica que nos pareceu interesante.

1. *Abregoi

Documentación: Esta forma sempre aparece nos documentos de Seavia formando parte de nominacións persoais e presenta unha gran variabilidade na grafía. Non atopamos testemuños deste topónimo noutras fontes medievais galegas.

“Gomes *d’Abregoy*” (1438, DocSeavia)

“Gomes *d’Avregoy*” (1438, DocSeavia)

“Gomes *d’Abregoj*” (1438, DocSeavia)

“F. Gomes *d’Abrigoy*” (1438, DocSeavia)

“Johán Vasques *d’Abregoi*” (1481, DocSeavia)

A identificación deste topónimo é dubidosa. M. Lucas (1977: 341) afirma que se trata do actual lugar de **Agrilloi** pertencente á parroquia de San Lourenzo de Agualada sita no concello de Coristanco. En realidade, de tódolos topónimos existentes na zona á que se refiren os documentos este é o que máis se semella a **Abregoi**, pero parécenos demasiado grande a diferenza de forma que hai entre o topónimo que a nós nos aparece e o que propón Lucas para que sexan o mesmo, pois ben podemos estar ante un topónimo que existía na época medieval pero que desapareceu hoxe en día como ten pasado outras veces.

Tampouco temos clara a súa etimoloxía. O máis probable é que proceda, pola súa terminación final *-oi*, dunha forma en xenitivo *-ONI>-oi*. Se isto é así, **Abregoi** parece estar relacionado con topónimos galegos como **Abregaos**<AFRICANOS e **Abregón**<AFRICANUM. Pola semellanza coas formas anteriores seguramente procede dun nome de posesor *AFRICONIUS en xenitivo, a partir da expresión *(VILLA) AFRICONI(I)>**Abregoi**¹³. Piel (1947: 343, 382) cita varios topónimos galegos que seguen a mesma evolu-

¹³ Atopamos unha única documentación deste antropónimo nun documento de Sobrado datado no ano 1000. *Abregoni abba* (TSobrado I, 167).

ción: *(VILLA) PAPPONI(I)>**Papoi** (A Coruña), (VILLA) VASCONI(I)>**Bascoi** (A Coruña), *(VILLA) MUNDONI(I)>**Mondoi** (A Coruña). O problema está en que de ter ese étimo dificilmente podería evolucionar a **Agrilloi**, no caso de que, como dixemos antes, sexa certo o que afirma Lucas. Ademais disto, **Agrilloi** parece estar máis relacionado con topónimos compostos do tipo *substantivo común + nome de posuidor* en xenitivo (Piel 1953/55: 53), pero neste caso os seus formantes non son nada transparentes, xa que, se ben podemos identifica-lo primeiro elemento co substantivo *agro*, como en **Agromán** (agro de MANNIUS), non podemos face-lo mesmo co nome do posuidor, que non nos resulta transparente.

Outra posibilidade, pouco probable, é que esteamos ante un topónimo de orixe xermánica onde estaría presente o sufixo gótico de valor descoñecido *-oi*, que aparece noutros topónimos hispánicos como *Ganoi, Trasoi, Saroi...* Respecto á parte inicial *Abreg-*, non sabemos a ciencia certa cal sería o seu valor. Podería este topónimo presenta-la mesma raíz có prenome feminino **Abragasia**¹⁴, que quizais sexa un híbrido formado polo elemento xermánico *Abr-* ou *Ebr-* + *-asia* (sufixo que podería ter orixe prerromana ou ser tomado de nomes grecolatinos coma *Anastasia, Euphrasia...*). Con todo, quedaría sen explica-lo valor do segmento intermedio *-eg-*.

2. Ardaña

Documentación: “frygýa de San Saluador d’Eruezedo et de Santa María d’Ardaña” (1423, DocSeavia)

Trátase da freguesía de Santa María de Ardaña pertencente ó concello coruñés de Carballo.

Non se sabe con certeza cal é a súa orixe. Podería estar relacionado cos topónimos **Ardán** (Marín), **Ardá** (Coruña), **Ardanué** (Huesca), **Ardão** (Portugal) e facer referencia á forma feminina en xenitivo dun nome de posuidor *ARDA, -ANIS. Este é un antropónimo que está formado sobre a base gótica *hardus* ‘duro, difícil’. **Ardaña** debeu ser nun principio *(VILLA) ARDANEA.

Aínda que é pouco probable, tamén pode tratarse dunha *VILLA HADRIANAE (feminino do prenome latino *Hadrianus*), pois en Portugal tense documentado o nome de Santo Adrião como *Santo Ardão*.

3. Baiordo

Documentación:

- “*Bayordo* fregisía de San Paayo de Coristanqo” (1481, DocSeavia)
- “o noso casal da Castineira de *Boordo*” (1481, DocSeavia)

Baiordo é unha aldea da parroquia de San Paio de Coristanco no concello de Coristanco.

Este topónimo presenta unha etimoloxía escura. Podería estar relacionado con topónimos como **Baiobre**, **Baio**, **Baia**, **Baiuca**, **Baión** (que anteriormente foi **Boione**) e

¹⁴ Este prenome aparece nun documento do TSamos datado no ano 975: “Abragasia cum filia una”, pág. 140.

Baieira. Segundo Moralejo (1977: 63) estes topónimos terían como base o latín BADIUS (<célt. **badios*), que podía ser nome persoal ou adxectivo ('de cor roxa ou amarelada').

4. Bormoio

Documentación: “o casal de *Uormoyo* sito ena fregissía d’Agoalada” (1481, DocSeavia).

Trátase dunha aldea da freguesía de San Lourenzo de Agualada pertencente ó concello de Coristanco.

A orixe deste topónimo é dubidosa. Parece estar formado sobre a base indoeuropea (probablemente céltica) **borm-* ‘calor, fervenza’. Esta base **borm-* (e variantes **Born-*/**Borb-*) está moi presente na toponimia española, así temos **Bormate** (Albacete), **Bormas** (Albacete), **Bormujos** (Sevilla)...

5. Centiña

Documentación: “lugar *Centijna* con o agro de Ferradaas” (1435-1440, DocSeavia)

Trátase dunha aldea da parroquia de San Paio de Coristanco pertencente ó concello do mesmo nome.

A **Centiña** semella estar relacionada con *centeo*< CENTENUM, base sobre a que se formaron moitos outros topónimos existentes no noso territorio como: **Centeal**< CENTENALEM, **Centeás-Centeais-Centeáns**< CENTENALES, **Centieiras**< *CENTENARIAS con perda do -n- intervocálico e con peche do -e- en -i- ante -ei- por disimilación; **Centeos-sas**< CENTENOSAS; **Centelo**< CENTENELLUM... En Galicia, agás **Centieiras**, non atopamos formas derivadas de CENTENUM con -i- no radical¹⁵. **Centiña** debe proceder dunha forma *CENTENEA con inflexión do ‘e’ por influxo do iode.

6. Cerqueda

Documentación: “freyesías de Sam Mamede de Seaueta et de Santa Maria de Traba et de San Cristouo de *Çerqueda*” (1438, DocSeavia).

Trátase da parroquia de San Cristovo de Cerqueda pertencente ó concello coruñés de Malpica de Bergantiños.

Este topónimo é un dos poucos derivados que deixou en Galicia o latín CERQUUM. CERQUUM é unha disimilación de QUERCUS ‘carballo’. Polo tanto, **Cerqueda**< CERQUETAM (CERQUUM + -ETAM sufixo locativo abundancial) significa ‘lugar poboado de carballos’.

7. Coristanco

Documentación: “Johán Vasques d’Abregoí o uello morador en Bayordo fregisía de San Paayo de *Corintanço*” (1481, DocSeavia).

Como xa se especifica na documentación, trátase da freguesía de San Paio de Coristanco pertencente ó concello coruñés de Coristanco.

¹⁵ Fóra de Galicia atopamos **Las Centiniegas** (Asturias).

Este topónimo é, polos elementos que o constitúen, de orixe prerromana. Cabeza (1992: 172) pensa na posibilidade de que proveña, na súa primeira parte, da base prerromana *KOR- ‘pedra, altura rochosa’, deste xeito aludiría ó outeiro rochoso onde se atopa. Respecto á terminación *-anco*, Moralejo (1977: 31) considéraa tamén prerromana e pona en relación coa terminación *-anca*, presentes ámbalas dúas en topónimos coma **Bardanca, Breanca, Cusanca, Labanca, Mayanca** ou **Listanco**.

8. Ferradás

Documentación: “agro de *Ferradaas*” (1435-1440, DocSeavia)

Debido a que o documento no que aparece este topónimo non nos proporciona datos sobre a súa localización non podemos situalo actualmente, pois non hai ningún lugar así chamado próximo á zona de Seavia.

A súa orixe está no étimo latino FERRATALES. FERRATALES é un derivado formado sobre FERRUM. A terminación latina *-ALES* ten neste topónimo valor abundancial.

9. Mira

Documentación: “Don Fernán de *Mjra* abbade do mosteiro de Sam Mamede de Seyaueya” (1481, DocSeavia)

Trátase da freguesía de Santa María de Mira pertencente ó concello coruñés de Zas.

Sobre a orixe deste topónimo existen algunhas hipóteses:

1. Autores coma X. A. Palacio (1981: 838) cren que está relacionado co antropónimo *Mira*. Para afirmar isto baséanse en que na documentación portuguesa medieval se pode atopar-lo apelido *Mirazi* (a. 981) e o topónimo *Villa Miraes* (a.1258) (<*VILLA MIRANIS), que fan supor un nome de persoa *Mira*, o cal explicaría ese topónimo en Galicia e en Portugal. *Mira* (tamén *Miro*), hipocorístico de *Geldemiro*, formouse a partir do gótico *mêreis* ‘famoso’, que atopamos como elemento final nos nomes de orixe xermánica rematados en *-miro/-mir/-mil*.
2. Outros autores coma Elixio Rivas (1994: 137) pensan nunha raíz indoeuropea M-R ‘auga parada’, que no noso territorio pode presentar varias bases: *MAR- *MER- *MIR- *MUR-. Sobre a base *MIR- formaríanse os topónimos **Mira, Mirandela, Miraces, Miralles, Miranxe, Miranzo, Mirallos**¹⁶...
3. Outra posibilidade é que **Mira** sexa un topónimo relacionado co verbo *mirar* (Piel/Kremer 1976: 204)¹⁷.

Cremos que a hipótese máis axeitada é a que considera **Mira** coma un antropotopónimo.

10. Oca

Documentación: “tarreo de Rruminar que jaz en braço com a leira de Sam Martiño *d’Oca*” (1487, DocSeavia)

¹⁶ Moralejo (1977: 338) relaciona co verbo mirar topónimos coma **Miranzo, Mirallos, Mirón**...

¹⁷ Estes autores tamén consideran a alternativa de que se trate dun antropotopónimo.

Trátase da freguesía de San Martiño de Oca pertencente ó concello de Coristanco.

A etimoloxía deste topónimo non está clara. Pode estar relacionado co substantivo *ocre* tomado do francés *ocre*, e este do latín OCHRA “especie de terra amarela”, que á súa vez se tomou do grego $\omega\chi\rho\alpha$, de $\omega\chi\rho\omicron\zeta$ “amarelo”. Neste caso o topónimo faría referencia á cor amarelada do terreo dese lugar.

11. Rus

Documentación:

- “Vasco de *Ruus*, notario público jurado” (1443, DocSeavia)
- “Vasco de *Ruus*, notario público jurado” (1438, DocSeavia)
- “Loppo de *Rruus*, notario público jurado” (1423, DocSeavia)
- “Loppo de *Ruus*, notario público jurado” (1435-1440, DocSeavia)

Trátase da freguesía de Santa María de Rus pertencente ó concello de Carballo.

Polas documentacións medievais que temos, sabemos que estamos ante un antropónimo que se conservou na toponimia.

Segundo Elixio Rivas (1991: 503) trátase dun antropotopónimo que tivo a súa orixe nunha *VILLA RUDERICI, xa que así nolo indican as documentación medievais:

- “Maria Arie de *Rues*, de feligresía sancte Marie de *Rues*” (1316, doc. 35 DocUniv-Santiago)
- “Fernando Affonso de *Ruys*” (1325, doc. 61 DocUnivSantiago)
- “Gomes Eanes d’Anseriz fillo de Aras de *Ruus*” (1401, doc. 261 DocUnivSantiago)
- “villam cum ecclesiola sua nomine *Rus*” (1113, HC 193)

A evolución que propón E. Rivas é a seguinte: *(VILLA) RUDERICI >Ro(d)ric >Roiz/Ruis/Rues/ >Ruus >**Rus**.

12. Sabaceda

Documentación: “Johan de *Sabaseda*” (1443, DocSeavia)

Trátase dunha aldea da parroquia de San Mamede de Bazar pertencente ó concello de Santa Comba.

Sabaceda vén do latín SABUCETAM<SABUCU + ETAM (sufixo abundancial). O descendente máis habitual en Galicia de SABUCETAM é **Sabucedo**. Sen embargo, o topónimo que nos ocupa ten unha evolución diferente debido a que nel se produciu unha asimilación *u-a* que non é estraña na lingua.

13. Seaia / Seavia

Seaia nos documentos refírese ó arciprestado da diocese de Santiago que comprende os concellos de Malpica de Bergantiños, e parte dos de Cabana e Ponteceso¹⁸. **Seavia** é unha parroquia pertencente ó concello de Coristanco.

Non se sabe a ciencia certa cal é a orixe destes topónimos. Nun primeiro momento, pensamos que ámbolos dous partían dun étimo común, pois presentan unha forma moi

¹⁸Tamén é unha aldea da parroquia e concello de Malpica de Bergantiños.

parecida. Inducidos pola súa semellanza con **Santa Baia** cremos que poderían ser unhas das numerosas e variadísimas formas que adoptou na boca do pobo o nome da santa hispánica máis popular, *Santa Eulalia*. Sen embargo, as documentacións medievas que atopamos non só nos fixeron rexeitar tal hipótese, senón tamén a idea de que se remontasen ó mesmo étimo.

SEAIA

Documentación:

- “en terra de Bregantinos e de *Sseaya*” (1423, DocSeavia)
- “[en te]rra de Bregantinnos et de *Sseaya*” (1435-1440, DocSeavia)
- “en Bergantinos et en *Seaya*” (1443, DocSeavia)
- “en terra de Bregantinos et de *Seaya*” (1443, DocSeavia)
- “en toda terra de Bregantinos et *Seaya*” (1487, DocSeavia)

Resultounos moi doado atopar documentacións medievas de **Seaia** por ser un arci-prestado. Sempre aparece como *Salagia* ou *Selagia* (e variantes de caso) agás nos documentos de Sobrado que aparece como *Seaca*¹⁹.

- “archipresbyteratus, vidilicet Bisancos, Trasancos et *Salagiam*” (1102, HC I 34)
- “Bisancos, Trasancos, *Salagia*” (1102, HC II 56)
- “ualle *selagie* locum predictum ubi dicunt nemenio” (1105, doc. 18 apén. III DocSantiago)
- “Barcala, *Salagia*, Gentines” (1110, HC I 36)
- “Sonariam, *Salagiam*, Bregantinos” (1115, HC I 103)
- “monasterium antealtarium in terra de *Selagia*” (1169, doc. 2 CDGH)
- “regalengum de *Seaca*” (1176, doc 34 TSobrado II).
- “in illa terra de *Seaca*” (1176, doc 34 TSobrado II).

Como se pode observar, as formas medievas de **Seaia** nada teñen que ver con *Santa Eulalia*, máis ben parecen indicar que estamos en presenza dun topónimo de orixe prerromana do que ignorámo-la súa significación.

Seaia podería vir dunha forma *SELABRIGA ou *SALABRIGA, na que podemos identifica-lo elemento final *-briga*²⁰ (termo de orixe celta que ten moita presenza na toponimia non só galega senón hispánica en xeral). Máis difícil resulta identifica-la parte inicial. Segundo Piel (1953-55: 66), pode conter este topónimo o elemento prelatino (indo-europeo para Elixo Rivas) *sal-/sel-* ‘río, auga’, frecuente en hidrónimos da Península, coma os ríos **Sales** (Ourense), **Xallas** (Coruña), **Sado** (Portugal) ou **Sabor** (Portugal). Tamén se pode pensar que este topónimo ten como base o elemento inicial de orixe cel-

¹⁹ Esta forma parécenos sospeitosa pois é a única que atopamos que presenta un -c-. Este -c- ben podería ser un -i- que, debido a unha mala lectura, foi confundido cun -c-, cousa que non nos resultaría estraña, pois na época medieval poden presentar formas moi parecidas. Por outro lado, tamén é posible que fose un ç representado por c, o que cremos pouco probable, xa que hoxe en día non quedan vestixios del no nome do topónimo.

²⁰ Neste caso *-briga* segue a mesma evolución ca en **Mendoia**<NEMETOBRIGA.

ta *SELE- (<SED-LON ou *SED-LIS ‘asento, lugar para sentarse’), de onde proceden, segundo Corominas (1971: II, 219), o castelán *sel* ‘lugar onde descansa o gando na montaña’, o vasco *zelai* ‘campo’, o topónimo *Selaya* (Santander) e o apelido *Celaya*.

SEAVIA

Documentación:

- “Fernán Mygés abade do mosteiro de Sam Mamedt de *Syauea*” (1423, DocSeavia)
- “Fernán Mjgéz abade do mosteyro de Samamede de *Seauea*” (1423, Doc Seavia)
- “Gil abade de Sant Mamede de *Seauea*” (1443, DocSeavia)
- “Fernán Mjgeéns abade do moesteyro de Ssan Mamede de *Sseauija*” (1435-1440, DocSeavia)
- “Fernán de Mjra abbade do mosteiro de Sam Mamede de *Seyaueya*” (1481, DocSeavia).
- “Johám abbad do mosteiro de Samamed de *Seyabia*” (1487, DocSeavia)

Máis difícil nos resultou atopar documentacións de **Seavia**, xa que, se algunha importancia tivo este lugar algunha vez, debeu ser polo seu mosteiro beneditino, cenobio pequeno e de escasa relevancia do que atopamos moi pouca información²¹:

- “scm. mametem in *seauii*”, (830, doc. 2 apén. II DocSantiago).
- “Didacus Ordonii dei gracia de *Siavia*”, (1191, doc.59 TC)
- “avuncli mei abbatis donni Didaci Ordonii de *Siavya*”, (1191, doc.59 TC).
- “Ad *Siauiam* .v. mod^s de pane”, (1199, doc. 20 CDGH).

Como se pode ver, **Seavia** tampouco pode estar relacionado con *Santa Eulalia* nin pode te-lo mesmo étimo que **Seiaia**.

Creemos que **Seavia** ben puidera ter como orixe unha forma *SENABRIGA²², que é de onde virían topónimos galegos como **Seabra** e **Xiabre**, e casteláns como **Sanabria**. Hai que ter en conta que nos documentos de Ribas de Sil transcritos por Duro Peña aparece o topónimo SENABREGA ou SANABREGA, hoxe desaparecido, de maneira que non é desatinado pensar en *SENABRIGA como punto de partida. O que nos podería parecer raro é o paso de *-briga>-via*, pero se lle botamos unha ollada ás evolucións que presenta esta terminación nos distintos topónimos peninsulares nos que está presente, observamos varios resultados²³, dos que un é o paso de *-briga a -ia*²⁴ (cast. *-ya*), solución á que se chega mediante unha fase intermedia con difícil, pero posible, perda do *-r-* (*-briga>-via/-bia>ia*). Nesta fase intermedia é na que quedaron estancados topónimos como *Seavia* e *Alcobia*<ARCOBRIGA (Portugal).

²¹ Para máis información sobre a historia do mosteiro de San Mamede de Seavia vid. Jerónimo del Hoyo (1950: 250); García M. Colombás (1980: 76 e ss); López Alsina (1988: 158 e ss) e Lucas Álvarez (1977).

²² En relación con esta etimoloxía para **Seavia** agradecemos-las suxestións que nos fixo G. Navaza, xa que nos foron de grande utilidade e nos serviron de punto de partida.

²³ *MUNDOBRIGA>*Munébrega* (Zaragoza), CONIMBRIGA>*Coímbra*, LONGOBRIGA>*Longroiva* (Portugal)...

²⁴ *Mendoia*>NEMETOBREGA (Trives), *Tordoa*>*TURODOBREGA (Coruña), *Oia*>ABOBRIGA ou AVOBRIGA (Pontevedra)...

Por último, se analizámo-la palabra *SENABRIGA comprobamos que está formada por un elemento inicial de orixe preindoeuropeo **sen* ‘monte’ e por outro de orixe celta -*briga* ‘fortificación, castro, castelo’; é dicir, *SENABRIGA significa ‘fortificación no monte’. Non sabemos se é pura coincidencia ou non, pero nunha das aldeas da parroquia de **Seavia** houbo un castro.

3. CONCLUSIÓN

Unha vez analizado o sistema de nominación persoal que reflicten os textos nos que baseámo-lo noso estudio, queremos salienta-lo feito de que no século XV en Galicia as opcións que había para os prenomes eran moi poucas, de aí que as fórmulas de nominación persoal estean formadas fundamentalmente por dous elementos, o prenome e o segundo nome. Nestas os apelidos de orixe xogan un papel importante pois son fundamentais para diferencia-las persoas.

Polo que respecta ós topónimos, destaca o feito de que a maioría dos casos estudia-dos son formas exclusivas de Galicia, non existen nin en Portugal nin no resto do estado español. Moitas veces a determinación da orixe destes topónimos é difícil e arriscada pois, ó non termos como base un nome apelativo e ó non atoparmos documentacións medievas que nos guíen, debemos recorrer a explicacións substratísticas que non sempre son satisfactorias, pero que son un punto de arranque para o comezo de novas investigacións.

A pesar de tódalas dificultades que encerran os estudos toponímicos e antroponímicos, debemos ter en conta a grande importancia que para a lingüística galega ten a onomástica, que, aínda que por definición é a ciencia que se encarga do estudio dos nomes propios, posúe unha grande dimensión histórica, pois pode ser unha boa aliada á hora de confecciona-la gramática histórica do galego. Efectivamente, os alcumes e os topónimos proporcionannos en moitas ocasións as primeiras datacións de moitos termos do léxico común (aquelas formas que están tiradas de documentos privados perfectamente datados e localizados), o que supón unha valiosa contribución para o establecemento da cronoloxía da lingua. Tamén o estudio diacrónico da dialectoloxía galega se pode ver enriquecido polo material que lle pode achega-la onomástica, xa que os topónimos dunha determinada zona reflicten os fenómenos dialectais que caracterizan a variedade lingüística falada nese lugar.

FONTES

CDGH = López Ferreiro, A. (1901): *Colección diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela: Tipografía galaica.

- DocUnivSantiago = Justo Martín, M.^a J. / Lucas Álvarez, M. (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537), edición diplomática*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- DocSeavia = López Ferreiro, A. (1989-1911): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. 11 vols. Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario.
- DocSeavia = Documentos inéditos procedentes do mosteiro de San Mamede de Seavia e custodiados no arquivo do mosteiro de San Paio de Antealtares.
- HC = Suárez, M. / Campelo, J. (1988): “Historia Compostelana”, en *Corpus Christianorum. Continatio Mediaevalis* LXX.
- TC = Mouriño Serantes, M. (1967): *El tumbo C de la Catedral de Santiago (II)*. Tese de Licenciatura (inédita). Santiago de Compostela.
- TSamos = Lucas Álvarez, M. (1986): *El tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia.
- TSobrado = Loscertales de García de Valdeavellano, P. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid: Servicio de publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia.

BIBLIOGRAFÍA

- Boullón Agrelo, A. I. (1999): *A antroponimia medieval galega (ss. VIII-XIII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Cabeza Quiles, F. (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Corominas, J. (1971): *Tópica Hespérica*. Madrid: Gredos.
- Del Hoyo, J. (1950): *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Porto: Porto y Cía. Editores.
- García M. Colombás, M. B. (1980): *Las señoras de San Payo. Historia de las Monjas Benedictinas de San Pelayo de Antealtares*. Santiago de Compostela: Caixa de Aforros de Galicia.
- López Alsina, F. (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Centro de Estudios Jacobeos.
- Lucas Álvarez, M. (1977): “San Mamed de Seavia, Monasterio beneditino en la tierra de Bergantiños (Galicia), anexo de San Payo de Antealteres”, en *Homenaje a Don José María Lacarra de Miguel IV*, pp. 330-343.
- Machado, J. P. (1984): *Dicionário Onomástico Etimológico da língua Portuguesa*. Lisboa: Confluência.
- Moralejo Lasso, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Palacio Sánchez, X. A. (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela.
- Piel, J. (1947): “Nomes de ‘possessores’ lantino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa” *Biblos* 23, 143-202, 283-407.
- Piel, J. / Kremer, D. (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen- und Ortsnamen*. Heidelberg: Carl Winter.
- Piel, J.: (1953-55): “Notas de toponimia galega”, *Revista Portuguesa de Filologia* 1-2, 51-72.
- Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Marín*, Anexo 18 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rivas Quintas, E. (1991): *Onomástica persoal do noroeste hispano*. Lugo: Alvarellos.
- Rivas Quintas, E. (1994): *Lingua galega, niveis primitivos*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Sacau Rodríguez, G. (1996): *Os nomes da terra de Vigo. Estudio etimológico*. Vigo: Instituto de Estudios Vigüeses.